

Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE MODIFICA O ANEXO I DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE PRAZAS E BOLSAS ERASMUS+ KA131 PARA O CURSO 2025-26 PARA ESTUDANTADO DE DOUTORAMENTO (1º PRAZO)

Publicada por resolución reitoral de 21 de agosto a concesión das prazas e bolsas Erasmus+ ka131 para estudantes de doutoramento

Unha das estudantes seleccionadas, **Helena Pardo Varela**, presentou unha solicitude de modificación da súa estada, polo que esta reitoría

RESOLVE:

1. Publicar a seguinte modificación da bolsa concedida a **Helena Pardo Varela** nos seguintes termos:

Apelidos	Nome	Programa de doutoramento	Institución destino	País destino	Data inicio	Data fin	Tipo	Duración en días	Viaxe ecolóxica	menos oportunidades	Axuda Individual	Axuda viaxe/viaxe ecolóxica	Total axuda
Pardo Varela	Helena	P.D. en Educación, Deporte e Saúde	Western Norway University of Applied Sciences	Noruega	22/08/2025	28/11/2025	Longa	98	non	si	2.500 €	395 €	2.895 €

A persoa beneficiaria deberá cumprir coas obrigas establecidas nas bases da convocatoria.

O incumprimento de calquera destas obrigas por causas non xustificadas poderá supor a perda do dereito á bolsa, así como a exclusión en futuros procesos de selección en calquera programa de mobilidade internacional no que participe a Universidade de Vigo ou promovido por esta.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, a persoa interesada poderá optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación desta resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño

